



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E MAIS A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGA), PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO PILOTO DE ADAPTACIÓN DE SENTENCIAS XUDICIAIS A LECTURA FACIL A DESENVOLVER NO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO SEIS DE SANTIAGOD E COMPOSTELA

Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, favorezan o dereito de acceso á xustiza ás persoas con discapacidade, tal e como recolle a Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade, que inclúe o dereito de acceso á xustiza na súa artigo 13 e garante o acceso en igualdade de condicións, e a adopción de medidas de accesibilidade, axustes de procedemento e prestación dos apoios necesarios para poder exercer os dereitos en igualdade de condicións.

Pola súa banda, a Lei de accesibilidade de Galicia 10/2014 do 3 de decembro, contempla na súa artigo 34 que as Administracións públicas adaptasen os sistemas de comunicación para facelos accesibles e comprensibles para todas as persoas, empregando a lectura fácil, por ser unha solución de accesibilidade que fai posible que persoas con problemas de comprensión lectora poidan acceder á información.

En consonancia co anterior, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que lle corresponden, de conformidade co disposto no Decreto 74/2018, do 5





de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, as competencias en materia de asociacións e fundacións, ten como unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade para que as persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento teñan acceso á Administración de xustiza en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns.

Antecedentes: O Convenio de colaboración que se pretende asinar é o primeiro proxecto que se aborda en Galicia para a implantación duna experiencia piloto de adaptación de sentenzas e outros documentos xudiciais a lectura fácil para persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento. Esta experiencia piloto vaise a desenvolver no Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela, prevéndose a súa extensión no caso probable de que os resultados sexan satisfactorios.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGa Plena Inclusión Galicia) o instrumento convencional referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2019.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGa Plena Inclusión Galicia) para a implantación por esta dun proxecto piloto de adaptación de sentenzas e outros documentos xudiciais a lectura fácil para persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento que se desenvolverá no Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela. En particular, o obxecto deste convenio consiste no apoio financeiro á FADEMGa para que esta poida desenvolver o seu proxecto denominado “Adaptación de sentenzas á lectura fácil”.





O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGa Plena Inclusión Galicia), é unha entidade sen ánimo de lucro que conta na actualidade con 40 entidades galegas federadas que prestan servizo a 6.325 persoas con discapacidade intelectual. As entidades de FADEMGa están formadas por unha rede de 125 centros nas catro provincias galegas, nas que traballan un total de 1.291 profesionais e contan co apoio de 1.234 voluntarios.
- FADEMGa Plena Inclusión Galicia ofrece servizos ás persoas a través das súas entidades e ademais dende os programas que se desenvolven dende a propia federación, como son: o programa de “Atención a familias”, o programa “Atención integral a persoas con discapacidade intelectual reclusas e ex-reclusas ou sometidas a medidas alternativas”, o programa para a “prevención do delito, violencia e discriminación contra persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento”, etc.
- Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade para que as persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento teñan acceso á Administración de xustiza en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns.
- Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGa Plena Inclusión Galicia) é a única federación que realiza na súa zona xeográfica actividades específicas de apoio ás





persoas con discapacidade intelectual, en particular a atención integral a persoas con discapacidade intelectual reclusas e ex-reclusas ou sometidas a medidas alternativas, e a prevención do delito, violencia e discriminación contra persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Financiamento: a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, achegará á Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia), a cantidade máxima de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, como contribución aos gastos soportados pola FEDERACIÓN pola realización do seu proxecto de actividades. Esta achega económica realizarase nos termos requiridos no artigo 51 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando, por unha banda, unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos e, por outro lado, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; un detalle doutros ingresos e subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia; se é o caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

O expediente de gasto tramítase ao abeiro do disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto (modificada polas do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001), quedando a eficacia deste convenio sometida á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

galicia

abeiro do previsto no artigo 6 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela

O Director Xeral,

Juan José Martín Álvarez

